

## FORMACIÓN PARA EDUCADORES NO TEMPO DE LECER E PERSOAS VOLUNTARIAS

A aprendizaxe a as vivencias derivadas da participación nun campamento e actividades de educación no tempo libre dependen en grande medida de que as/os profesionais coñezan os recursos e estratexias que permitan dar resposta ás necesidades educativas dos nenos e nenas, empregando técnicas e recursos axeitados ás características das persoas.

Sendo conscientes disto e para tratar de que todos os mozos e mozas que participan na Campaña de verán da Xunta de Galicia poidan vivir a experiencia dos campamentos en igualdade de condicións e oportunidades, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca unhas accións formativas de carácter presencial dirixidas ás persoas profesionais do tempo libre, co fin de concienciar, reflexionar e formar sobre a importancia do ocio inclusivo e centrado nas persoas e así atender as necesidades formativas neste ámbito.

Así mesmo, considérase necesario tamén formar ás persoas voluntarias e aos axentes educativos no ámbito do lecer e tempo libre en materia de violencia de xénero co obxectivo de dotalos de ferramentas e habilidades para a prevención, a detección e a posible intervención ante situacións de violencia de xénero e acadar, de xeito indirecto, un achegamento desta mensaxe aos mozos e mozas que participen nas actividades de ocio e tempo libre.

Con este fin vanse desenvolver, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, cinco accións formativas para consolidar espazos libres de violencia.



Os cursos que se convocan son os seguintes:

## **CURSO 1: “¿SON 1 MONITOR/A INCLUSIVO/A?”**

### **CONECTA COA DIVERSIDADE NA CAMPAÑA DE VERÁN**

#### **OBXECTIVOS**

- Crear un espazo vivencial, de coñecemento e reflexión que favoreza a identificación dos piares fundamentais do ocio inclusivo.
- Transmitir unha visión de igualdade entre as persoas.
- Identificar os principios e características presentes nas experiencias favorecedoras dun ocio inclusivo.
- Vincular a análise do noso contexto co marco normativo actual e co modelo de ocio inclusivo.
- Dar a coñecer ferramentas para “conectar” coa diversidade.
- Posibilitar a participación das persoas con diversidade funcional no relato das súas experiencias no desfrute do seu tempo libre.
- Colaborar na proposta de accións favorecedoras da igualdade de oportunidades e a inclusión.

#### **PROGRAMA**

##### **PRESENTACIÓN DO CURSO**

Que é a Rede de Ocio Inclusivo Galicia?  
Dinámica de avaliación. As 3 preguntas.  
Que imos facer esta fin de semana?  
Dinámica ponte no meu lugar.  
Dinámica caixa de preguntas.

##### **Módulo 1: SOMOS IGUAIS EN DEREITOS E OPORTUNIDADES?**

Importancia do ocio na vida das persoas.  
Modelo de Ocio Inclusivo.  
Coñecendo á persoa derrubamos barreiras.





Cambiamos a mirada.

## Módulo 2: E... SE TE POS NA MIÑA PEL?

Obstáculos e desafíos.  
A importancia da relación persoal.  
A importancia de coidar o contexto.  
Como xestionamos apoios activos?

## Módulo 3. ROLES PROFESIONAIS

## Módulo 4. BRICO-ACCESIBILIDADE

Deseña para todxs.  
Crea os teus apoios materiais.  
Brico-Consellos para os recursos materiais que teño. O produto estrela.

## Módulo 5. ASÍ PLANIFICAMOS PARA TODXS! FERRAMENTAS PARA A PLANIFICACIÓN DUN CAMPAMENTO ATENDENDO Á DIVERSIDADE.

Situación actual dos campamentos de inclusión, específicos e posibles melloras.  
Xestión da información recibida dos/as acampados/as.  
Debate: Onde poñemos o foco, na persoa ou na discapacidade?.  
Estratexias e Boas Prácticas.

## Módulo 6. MESA DE INQUEDANZAS

**Ofrécense experiencias prácticas de 20 horas por alumno/a interesado/a nas diferentes entidades da ROIG.**

## LUGAR, DATA E HORARIO DE REALIZACIÓN DO CURSO:

Albergue xuvenil de Gandarío, en Bergondo, A Coruña

Venres, 15 de novembro 16:45 a 21:15 horas



Sábado, 16 de novembro 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 20:30 horas  
Domingo, 17 de novembro 9:00 a 14:00 horas

## **CURSO 2: “APLICACIÓNS PRÁCTICAS DO OCIO INCLUSIVO PARA PERSOAS CON TEA”**

### **OBXECTIVOS:**

- Facilitar ós profesionais do lecer distintos conceptos metodolóxicos e estratexias de intervención que lles permitan dispoñer de recursos para unha correcta intervención.
- Potenciar, desde a aprendizaxe de diferentes técnicas, a xestión do lecer de persoas con TEA.
- Capacitar ós profesionais do lecer para dar resposta ás necesidades sociais e de lecer das persoas coas que colaboran.
- Dar a coñecer estratexias para fomentar o traballo en equipo.
- Promover o cambio e a mellora no ámbito do lecer das persoas con TEA.

### **PROGRAMA**

#### **TEA:**

Teorías explicativas con exemplos sobre ocio.  
Metodoloxía TEACCH no xogo e no ocio.  
Estrutura física do entorno.  
Rutinas e estratexias de estruturación visual.  
Tipos de condutas. Apoio condutual positivo.

#### **A IMPORTANCIA DOS APOIOS VISUAIS**

Cómo se fan apoios visuais?.  
Secuenciación das actividades.  
TICs e TEA: APPs comunicación, emocións, percepción visual, temporales-seriacións...  
Talleres prácticos.


#### **INTEGRACIÓN SENSORIAL NUN CONTEXTO DE OCIO E TEMPO LIBRE**

Cos 7 sentidos postos!/: hiposensibilidade e hipersensibilidade, como detectalos...  
Programación e deseño de actividades tendo en conta o perfil sensorial de cada persoa, así como as actividades plantexadas para o grupo e as características dos



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL  
Dirección Xeral de Xuventude,  
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 981 54 48 64  
[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)  
[xuventude@xunta.gal](mailto:xuventude@xunta.gal)



espacios (instalacións compartidas, zonas ó aire libre, etc.)  
Benestar emocional e integración sensorial.

### PLANS DE OCIO PERSOAIS

**RSA (REDE SOCIAL DE APOIOS):** Outra forma de entender o voluntariado

### ORIENTACIÓNS PARA UNHA BOA PRÁCTICA

Coaching: Como actuar en equipo.  
Pautas a ter en conta na práctica.  
Como podes axudar a unha persoa con TEA.

### LUGAR, DATA E HORARIO DE REALIZACIÓN DO CURSO:

Albergue xuvenil As Sinas, Vilanova de Arousa. Pontevedra  
Venres, 8 de novembro 16:45 a 21:15 horas  
Sábado, 9 de novembro 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 20:00 horas  
Domingo, 10 de novembro 9:00 a 14:00 horas

**Ofrécense experiencias prácticas por alumno/a interesado/a na asociación Bata.**



**Xacobeo 2021**



**Pacto de Estado**  
contra la violencia de género

**016**

ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE  
VIOLENCIA DE GÉNERO





## CURSO 3: “A INCLUSIÓN A TRAVÉS DO XOGO”

### OBXECTIVOS:

- Comprender a necesidade de xerar contornas inclusivas que favorezan un adecuado desenvolvemento.
- Amosar as posibilidades do xogo para a aprendizaxe e como figura inclusiva no lecer.
- Dotar de coñecementos específicos acerca do xogo inclusivo e das ferramentas para adaptar xogos convencionais a xogos inclusivos.
- Ofrecer recursos para xerar contornas inclusivas e xerar os apoios necesarios en función das necesidades das persoas.
- Dotar de ferramentas para a adaptación no xogo e para a prestación de apoios.

### PROGRAMA

**1. A DISCAPACIDADE:** concepto, tipos, sistemas de apoio, sistemas aumentativos e alternativos da comunicación.

### 2. O XOGO

Concepto de xogo inclusivo.

A importancia de sentirse parte do grupo: sentimento de pertenza.

Como adaptar o xogo a todas as necesidades dos participantes.

Como fomentar a participación no xogo.

### 3. ADAPTACIÓNS E APOIOS: FERRAMENTAS PRÁCTICAS.

Estratexias para realizar adaptacións en xogos cotiáns.

Procura de recursos para xerar adaptacións.

Como adaptar contornas e espazos para desenvolver xogos inclusivos.

Hai tantas adaptacións como a túa imaxinación che permita.

### 4 .PARTE PRÁCTICA (5 HORAS)

Deseño e posta en marcha de xogos inclusivos.

### LUGAR, DATA E HORARIO DE REALIZACIÓN DO CURSO:





Centro de atención integral Amicos. Lugar Comoxo 2A, Boiro (A Coruña).

11, 18 e 25 de novembro de 16 a 21 horas e a sesión práctica a concretar.

## **CURSO 4: “EDUCACIÓN EN IGUALDADE NO TEMPO LIBRE: TODOS OS ESPAZOS LIBRES DE VIOLENCIA”.**

### **OBXECTIVO XERAL:**

Sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero ás persoas voluntarias e aos profesionais para que os nenos e nenas sexan coeducadas de xeito transversal e, desta maneira, promover relacións igualitarias, eliminar actividades sexistas ou que segreguen por xénero e erradicar situacións de violencia.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Desenvolver formación específica en xénero e violencia de xénero ao monitorado e persoal dinamizador das actividades de ocio e tempo libre de cara a prever e detectar posibles situacións de violencia.
- Dotar de ferramentas de cara á detección, erradicación ou posible intervención das distintas formas de violencia cara as mulleres tanto no contexto de ocio e tempo libre como nos fogares.

### **CONTIDOS:**

#### **1. CONCEPTOS BÁSICOS EN IGUALDADE E XÉNERO**

- a. Sexo vs. xénero. É o xénero unha construción social?.
- b. O home hexemónico como elemento central de todas as sociedades.
- c. Como afecta na saúde física e psicolóxica das mulleres os roles de xénero?.





- d. Porque é importante coñecer a historia das mulleres e o significado do feminismo?.

## 2. ORIXES DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- a. En verdade, sen ti non son nada?. Falemos do amor romántico.
- b. Tipos de violencia e formas de violencia específicas en mulleres con discapacidade.
- c. Porque unha muller mantense nunha relación violenta? O ciclo da violencia.
- d. Consecuencias da violencia de xénero.

## 3. A COEDUCACIÓN, a única ferramenta para previr na violencia de xénero

- a. Introducción á coeducación.
- b. Pedagogía feminista.
- c. Diversidade afectivo- sexual e de xénero.
- d. Desenvolvemento de xogos e dinámicas non sexistas .

\*\* Todas as temáticas abordadas contemplarán propostas de dinámicas dirixidas as persoas participantes nos cursos.

### DATAS, HORARIO E LUGARES DE REALIZACIÓN DO CURSO:

As accións formativas desenvolveranse nos seguintes espazos e datas en horario de 16 a 20 horas.

Casa do Deporte, en Vigo do 14 ao 17 de outubro: R/ Fotógrafo Luis Ksado, 17 - 36209 Vigo

Espazo xove de Ourense, do 18 ao 21 de novembro: R/ Celso Emilio Ferreiro, 27 - 32004 Ourense

Albergue xuvenil LUG2, en Lugo do 21 ao 24 de outubro: R/ Pintor Corredoira, 4 - 27002 Lugo

Local do Quérote + en A Coruña do 21 ao 24 de outubro: Avda. Linares Rivas, 28, 8º - 15004 A Coruña

Espazo xove de Vilagarcía, do 4 ao 7 de novembro: R/ Juan Carlos I, 37 - 36600





## Vilagarcía

Centro Coordinador de Información Xuvenil, en Santiago de Compostela do 11 ao 14 de novembro: R/ Ramón Piñeiro 17-19 - 15781 Santiago

**PRAZAS:** Para cada un dos cursos ofértanse un total de 25 prazas para persoas voluntarias e educadores no tempo libre como monitores, monitoras, directores e directoras de tempo libre e de campos de traballo, ou outros/as profesionais do tempo libre con interese en completar a súa formación neste ámbito.

### **INSCRIPCIÓN:**

As persoas interesadas en participar nas accións formativas programadas deberán cubrir o formulario en liña do curso no que queiran participar. O prazo para formalizar as inscricións rematará o vindeiro día 31 de outubro, agás para a formación en materia de educación en igualdade que rematará tres días antes do inicio da acción formativa de que se trate.

As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición e segundo a preferencia indicada, en caso de que a persoa estea interesada en varios dos cursos convocados.